



.....

Xornada

O estado da danza en Galicia

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 21 de xaneiro de 2020



A situación da danza en Galicia atópase nun estado de explosión creativa tanto nas ideas, nos procesos creativos, nos proxectos e nas formas de enfrontarse aos públicos. Mentras isto sucede asistimos a un tempo de decadencia no soporte institucional e nas políticas públicas dende a Administración. A situación require dunha radiografía urxente do sector dende o estado da formación ata a conformación dunha escena plural ao longo a ancho e todo o territorio. Neste encontro convidaremos a unha serie de xornalistas galegas que operan dende diferentes medios de comunicación: radio, prensa escrita e televisión, para tentar introducir o tema na súa axenda e analizar o estado da danza, diagnosticando o momento e propoñendo unhas liñas de acción para o futuro.

Dende a xornada elaboraremos un informe-diagnóstico para que o Consello da Cultura Galega, a partir da súa Sección de Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais, poida trasladarlllo á Xunta de Galicia para pedir a súa inclusión na axenda pública e solicitar que se inclúa nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia

Obxectivos da xornada

1. Radiografía da situación actual da danza en Galicia e retos de futuro.
2. Creación dun espazo de actualización, diálogo e debate entre os axentes que traballan no sector da danza en Galicia.
3. Documentar a radiografía a través de dous tipos de documentos: unha publicación e un vídeo de cada unha das entrevistas.

Fonte: <https://www.pxfuel.com/en/free-photo-qpbwd>

Programa

MAÑÁ

9:30 horas

Presentación

Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega

Dolores Vilavedra e **Natalia Balseiro**, coordinadoras da xornada e membros da Sección de Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais do CCG

10:00 horas

A relevancia da danza na Educación Pública

Paulo Rodríguez, director do Teatro Rosalía de Castro da Coruña, entrevista a **Mercedes Prieto**, profesora de danza e investigadora

11:00 horas

Estado do proxecto da Escola Superior de Danza de Galicia e o seu futuro

Manuel Xestoso, subdirector da Revista Galega de Teatro, entrevista a **Luciano Gómez**, director do Conservatorio de Danza da Deputación da Coruña, e a **Manuel Vieites**, director da ESAD

12:00 horas

Baile tradicional e o folclore no sistema actual da danza en Galicia: memoria e transmisión

Xermán Hermida, xornalista de Culturagalega.gal, entrevista a **Quique Peón**, coreógrafo e director de Xacarandaina e da Quique Peón Cía

13:00 horas

Operacións máis aló da exhibición para conformar un ecosistema sustentable na danza

Roberto Pascual, director da MIT Ribadavia, entrevista a **Caterina Varela**, bailarina e xestora cultural

TARDE

16:00 horas

Características principais dos tempos nos que o ecosistema da danza camiñaba cara adiante en Galicia e efectos producidos: dentro e fóra

María Yáñez, xornalista cultural, entrevista a **Afonso Becerra**, crítico de danza e profesor da ESAD)

17:00 horas

A apertura de contextos plurais para a danza e as artes vivas en Galicia

María Solar, escritora, dialoga con **Sabela Mendoza**, xestora cultural

18:00 horas

A Xunta de Galicia como núcleo das políticas públicas de danza en Galicia. Tratamento para os síntomas no futuro

Natalia Balseiro, mediadora cultural e membro da Sección de Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais do CCG, entrevista a **Jacobo Sutil**, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Xunta de Galicia, e **María Pereira**, directora de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia

19:00 horas

Conclusións e peche da xornada

Organiza

Sección de Música e Artes Escénicas (CCG)
Consello da Cultura Galega

Coordina

Natalia Balseiro
Dolores Vilavedra

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax.: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....
Organiza:

